

O Colexio Apóstol aforra un 60% en enerxía eléctrica ao ano co cambio de luminarias no centro

A loita contra o cambio climático continúa o seu proceso no Colexio Apóstol Santiago – Xesuítas Vigo. O noso colexio acometeu, durante os últimos meses, obras para mellorar a súa eficiencia enerxética. Un importante investimento cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, dentro do programa operativo de crecemento sostible para o sexenio 2014/20.

A actuación consistiu na substitución da iluminación actual por tecnoloxía LED, a cal será á súa vez controlada e regulada mediante sensores individuais que reducen ou incrementan a intensidade lumínica en función da cantidade de luz natural que entra nos edificios do centro.

Realizouse este cambio de luminarias tanto na maior parte das aulas de Infantil, Primaria, ESO e Bach, do Clube de Ciencias, así como no edificio administrativo.

Así, o Colexio prevé un aforro enerxético de 29.112 kilowatios/hora (kwh), ao ano, o que supón unha redución do 60% en consumo de enerxía eléctrica por este concepto. Ademais, esta mellora tradúcese nunha redución de dióxido de carbono anual de 10,46 toneladas de CO₂.

Esta, xunto a outras iniciativas que está a levar a cabo o Colexio, están vinculadas aos compromisos na loita contra o cambio climático e o coidado da Casa Común.

